

Os museos na sociedade actual. Unha perspectiva crítica.

Consello Galego de Museos

O Consello Galego de Museos leva máis de trinta anos, desde 1981, realizando unha serie de encontros nos que se vén analizando e debatendo sobre a situación dos museos galegos, desde a realidade interna (inventarios, documentación, normativa, marco organizativo, conservación) a temas que afectan á vida destas institucións culturais, como pode ser o do público como axente básico na relación dos museos coa sociedade ou a divulgación dos contidos dos museos coa participación activa da sociedade. Estes últimos son asuntos nos que, quizais, se ten incidido dun xeito menor e que, sen dúbida, nos tempos actuais requiren unha maior atención e debate.

Nestas tres décadas longas cambiaron moitas cousas no mundo dos museos e de entender a museoloxía, mesmo houbo un cambio significativo na creación de novos centros, así como renovacións e ampliacións dos existentes. Despois de trinta anos o diagnóstico da realidade museal galega segue ofrecendo moitos problemas pendentes de solución, algo que debemos considerar como un sinal negativo. Pero nestes tempos de crise e tribulación social e económica nos que estamos inmersos, semella que moitos destes problemas sen solución aínda van seguir aí, e agravándose, polo que o desenvolvemento normal do que ten que ser a actividade dun museo, vai seguir nunhas condicións pouco ou nada propicias.

Durante este tempo tamén se potenciaron novas tipoloxías, consideradas de “éxito”, como os centros e museos de arte contemporánea e os de divulgación científica, que consumiron importantes orzamentos e debilitaron os museos, especialmente os de carácter territorial e a aqueles outros, como os comarcais e locais, considerados menores, pero que conservan un importante patrimonio cultural e un maior achegamento á sociedade local.

Nas últimas décadas tamén ten cambiado, loxicamente - e moito - a sociedade. Pero, pese a todos estes importantes cambios, resulta abondo descorazonador comprobar como moitas das reivindicacións que se viñeron facendo nos Coloquios Galegos de Museos desde 1981 sobre cuestións consideradas básicas, seguen hoxe a centrar as demandas da colectividade museística. Isto evidencia varias cousas, entre elas un retroceso na situación global dos museos e un deixamento por parte dos responsables das diversas administracións, a competente na materia e as outras con competencias concorrentes. Así, hoxe como onte, seguimos preguntando por cousas de sempre, é dicir, séguese demandando un marco normativo propio e adaptado á realidade museal galega, ou seguimos dicindo que os museos terían que dispoñer dunha autonomía funcional que lles permitise cumprir os seus fins dun xeito adecuado. Hoxe, como onte, continuamos debatendo sobre estas e outras cuestións que afectan aos museos. Mais as condicións para o debate non son as mesmas, nin son mellores hoxe que hai dez, vinte ou trinta anos atrás.

Pero tamén é preciso facer unha reflexión interna entre os profesionais dos diversos, e moi diferentes, museos de Galicia para poder detectar os erros cometidos e de que maneira

contribuíron a que os museos galegos non teñan hoxe a presenza e repercusión que teñen noutros países. Os medios e unha boa parte da sociedade descoñecen a actividade dos museos e o papel que representan na custodia, estudo e difusión dos valores culturais e da memoria social, a individual e a colectiva. É obvio que os profesionais dos museos tamén temos algo que ver con esta situación.

Para falar da problemática dos museos na actualidade hai que ter moi en conta o contexto internacional no que estamos situados, atender ás correntes de debate e reflexión que producen as tendencias globalizadoras e aquelas outras que producen dinámicas desglobalizadoras (Ulf Hannerz), e estas dinámicas son definidas como respostas a unha “globalización imaxinada” (García Canclini).

Neste contexto, os museos tenden á súa dispersión na cultura contemporánea, dificultando a visión e comprensión do horizonte cara ao que camiñamos. Pero neste ambiente emerxen na museoloxía actual novos discursos e novos espazos e, así, estas novas propostas son capaces de disolver na experiencia museográfica intereses e iniciativas procedentes da museografía etnográfica, ou explicitamente antropolóxicas, con outras propias do campo das artes plásticas e da historiografía, entre outras. Estas propostas emerxen en contextos urbanos e en museos que cuestionan a súa propia identidade temática, entendendo que o patrimonio cultural e os comportamentos culturais dos residentes urbanos, van xa por outros camiños, distintos aos que se viñan andando. Isto foi o que levou en Francia a disolver tres referentes claves ou identificativos da súa museística –o *Musée de l’Homme*, o *Musée national des arts et traditions populaires* e o *Musée national des Arts de l’Afrique et l’Océanie*- para crear o *Musée du Quai Branly* e, agora, o MuCEM de Marsella (*Musée des Civilisations de l’Europe et de la Méditerranée*). Semellantes procesos danse noutras partes de Europa, como o *Tropenmuseum* de Amsterdam ou o *Linden-Museum* de Stuttgart, en Alemaña, que deciden mudar de camisa museográfica para marxinar ou esquecer os seus precedentes coloniais. Certamente os motivos que subxacen ás mudanzas indicadas teñen moito que ver con procesos de descolonización mental e con novos paternalismos eurocéntricos, que se sitúan na cerna do debate.

Noutros casos, como nos países escandinavos ou nas Illas Británicas, cunha potente tradición de museos locais, promóvese a identificación de patrimonios máis complexos e experiencias musealizadoras para artellar mecanismos de cohesión social, como buscar xacementos económicos centrados no patrimonio como recurso, activar dispositivos identitarios orientados a xerar autoestima nas novas xeracións ou a crear redes de cohesión e intercambio interterritorial.

Este proceso de reorientación dáse igualmente en Hispanoamérica, e especialmente destacables son as experiencias lideradas por México e Brasil, ou noutras economías emerxentes, caso da India ou China. No primeiro caso, os museos comunitarios, normalmente de ámbito e vocación local, reorientan a súa acción na procura da interdisciplinidade ou

preocupados pola totalidade das cuestións socioculturais que interesan ou proporcionan sentido aos membros das comunidades sobre as que operan.

Outro campo de debate na museoloxía actual é a modesta, pero crecente atención, aos denominados '*hot topics*', que levan o museo a espazos alternativos, que cuestionan enfoques fosilizados das identidades ou que vencellan a acción comunicativa dos museos a campos politicamente non correctos. O museo como campo da representación, como unidade de reprodución do real mediante convencións irrealis –o museo como *simulacro*, en expresión de Baudrillard-, e como escenario que “encapsula” fenómenos, con anterioridade vivos, busca novas saídas á rúa aventurándose –nunha versión telemática do museo imaxinario de Malraux– na Internet e participando nas redes sociais. Virtual ou real –non pode existir acción comunicativa á marxe da combinación de ambas as dúas fórmulas– o museo pode explorar, e así intenta facelo hoxe, novos lugares e novos itinerarios, porque a experiencia directa e o contacto físico das xentes co patrimonio cultural e as súas representacións é socialmente necesario.

Este proceso cara a unha nova museoloxía non estivo presente en Galicia, como en boa parte dos territorios da península Ibérica, e si hai excepcións en varios casos e aspectos en Portugal. Neste proceso hai que dicir que as universidades galegas non se achegaron nunca, dun xeito sistemático e amplo, ao mundo do museo e non asumiron como deberan que este forma parte da sociedade do coñecemento na súa versión non só divulgadora e comunicativa, senón tamén científica.

En Galicia a museoloxía, e a chamada nova museoloxía, teñen unha historia cativa. Os museos carecen de valedores institucionais convencidos e solventes, a sociedade ve o museo como un elemento adicional, poucas veces asumido como ferramenta básica para a difusión cultural e, para os xestores públicos e axentes culturais influentes, o museo non ocupa a centralidade que si ocupa noutras sociedades europeas. Cómpre preguntarse se existe, ou existiu algunha vez, a demanda social de coñecemento que sitúa os centros museísticos na encrucillada de responderen axeitadamente a esta ou a novas situacións, mediante a transformación progresiva dos centros e a súa incardinación social como propostas que os convertan en elementos dinamizadores e axentes fundamentais da vida cultural. Sen dúbida a resposta é positiva en varios casos e máis positiva do que sería hai trinta anos, pero por desgraza non é unha resposta xeneralizada. Esta resposta ou percepción social dependerá moito do tipo e mesmo do ámbito de incidencia de cada museo, ou de cada colección visitable, por referírmonos sempre ás dúas figuras recoñecidas pola normativa oficial e realmente existentes, pero sen deixar de lado o feito de que moitos centros recoñecidos como museos son, na realidade práctica, coleccións visitables, e algúns nin tan sequera iso. Hai moitas diferenzas, por exemplo, entre o que sucede cos macro-centros de arte contemporánea e o que pasa cos museos locais e comarcais ou entre o que se pensa dun museo provincial espallado por varias sedes e o que a xente opina dun museo arqueolóxico de xacemento.

A conexión conceptual e operativa entre patrimonio cultural e museo non asoma nas políticas públicas sobre o patrimonio cultural e tampouco na desenvolvida por entidades e fundacións

que, supostamente, traballan co patrimonio. A historia do museo e da musealización en Galicia, pendente aínda de ser escrita de xeito completo e sistemático, mostra a chegada serodia do museo á nosa sociedade e a concepción feble, difusa e cativa que boa parte da intelectualidade galega tivo, e aínda ten, do museo e da museoloxía. Outro tanto podemos dicir dos responsables das administracións, que consideran o museo, con demasiada frecuencia, como un almacén de pezas que ten como misión a de servir de aprovisionamento de fondos para iniciativas efémeras e reiterativas, en moitos casos de dubidosa calidade e carentes de calquera xustificación científica, que se organizan desde ámbitos para-museísticos ou claramente non museísticos, en lugar de potenciar e contribuír ao desenvolvemento de iniciativas de diversa índole dentro do propio museo en canto institución permanente que ten encomendado un amplo cometido.

Neste sentido hai que falar e afrontar o tema das exposicións temporais, algo que debe ser obxecto de reflexión e axeitada valoración, non como un espectáculo máis mediático que científico e mesmo social, senón en función dos obxectivos específicos de educación permanente que ten que caracterizar o labor dos museos. É certo que a escaseza de recursos económicos nos últimos tempos limitou este tipo de exposicións, pero ás veces é difícil xustificar que precisamente eses poucos medios se destinen a elas no canto de dedicarse ás instalacións museísticas estables que tanto o precisan. Neste sentido os museos son simplemente utilizados como unha máquina que funciona para mover unha cadea do servizo de *entertainment*, das empresas do *stablishment*, e non para crear e incitar ao coñecemento.

Ademais, pódese apreciar, e xa desde hai tempo, nas distintas administracións titulares e xestoras de museos, un excesivo control político que non se limita ás cuestións propias de marcar as grandes directrices culturais ou os aspectos financeiros en sentido global, senón que se estende á programación de actividades, á información que o centro transmite ao exterior e mesmo a cuestións organizativas do desenvolvemento ordinario e cotián da actividade museística, no que o museo é unha simple unidade administrativa máis do organigrama funcional da administración. Dita eiva está a limitar a liberdade e autonomía que unha institución cultural precisa para poder funcionar normal e correctamente. A autonomía funcional do museo non é un capricho, é unha necesidade vital, ao tempo que, moi presumiblemente, axudaría a mellorar o ofrecemento á sociedade dos seus amplos e variados recursos culturais e educativos.

Tense falado moito da crise da institución museal, pero cando se fala de crise debemos lembrar que os museos, como se di do teatro, estiveron e están en crise continua, que lles é algo consubstancial. A crise de orientación, función e contidos é permanente, remitíndonos ao debate –que non crise- sobre o papel, a centralidade e os obxectivos que lle corresponden ao museo como institución cultural da modernidade. Outra cousa é a crise conceptualizada como económica polos voceiros do capitalismo financeiro, empeñados en convencer á sociedade de que o gasto público constitúe unha aberración para o equilibrio do sistema. Hai quen postula, dende outra beira, que o sistema é ciclicamente crítico e, que, polo tanto, cómpre neutralizar esa tendencia con respostas anticíclicas. Hai quen pensa que non asistimos a unha crise

económica, nin tampouco a unha crise sistémica, senón ao intento de modificar o modelo do capitalismo financeiro para robustecelo, abeirando e marxinando os estados –administracións públicas- do poder político e social. O coñecemento, como o benestar, están a pagar a factura deste “descentramento” do sistema, e desestabilizando o modelo saído da segunda guerra mundial. Os museos, espazos culturais que só en lugares e casos moi contados proporcionan beneficios e plusvalías, sofren a mesma perda de tutela que sofren os sectores do coñecemento e do benestar. O desmantelamento das políticas sociais afectará fundamentalmente á creación de patrimonios culturais e á formación de identidades socialmente cohesionadoras e o museo, entidade oculta (para moitos) da sociedade do coñecemento e do benestar, terá unha difícil supervivencia á marxe do mercado ou desvinculado da sociedade civil, polo que perdería a súa función social orixinaria.

Na mesma liña hai que insistir en que o concepto de museo non se pode desvincular da idea de recuperación do patrimonio cultural, algo que vai unido á conservación da memoria cultural e da identidade daquela, co afianzamento da cohesión das comunidades. En torno a esta idea debe pivotar calquera actuación que se realice sobre o panorama museístico do país, preferentemente cando se aborde a creación de novos centros que deben responder, ademais, á existencia real dunha necesidade e contaren cun discurso previamente definido no programa de contidos e necesidades e, en todo caso, cun estudo de viabilidade que proxecte e garanta a súa continuidade.

Sabido é que os museos son infraestruturas culturais que, ao contrario do que sucede con outras de natureza similar (arquivos e bibliotecas nomeadamente), teñen unha repercusión directa sobre a conformación e o afianzamento do tecido turístico e polo tanto contribúen dun xeito activo na economía do contorno no que se enclavan. Este feito debe ser tido en conta tanto polas distintas administracións con competencias en turismo como tamén polos distintos sectores estreitamente vinculados e directamente beneficiados pola afluencia de turistas e visitantes.

A esaxerada focalización economicista neste asunto ten levado a unha banalización e “festivalización” (o que se chamou “disneylandización”) do patrimonio cultural, auspiciados pola idea certa da necesidade de achegar o coñecemento aos distintos colectivos sociais dun xeito desenfadado. Esta vía experimenta a miúdo situacións de exceso que levan a esquecer os valores do propio patrimonio, para centrarse no desenvolvemento de ofertas lúdicas, moi populistas e moi mediatizadas, pero que pouco ou nada teñen que ver coa misión que debe cumprir un museo como institución cultural e mesmo educativa, de educación informal continua. Estas ofertas son lanzadas desde a propia administración, incumprindo a miúdo a propia normativa en vigor sobre museos, e vense cada día acrecentadas, non soamente polo prestixio que se lles outorga, senón tamén polos recursos que consumen, de xeito que os destinados aos museos estables (nalgúns casos xa de recoñecida traxectoria), vense amplamente minguados por mor de dedicarlle primordial atención a aquelas outras experiencias lúdico-mediáticas. Tal feito está a poñer en perigo a existencia das infraestruturas preexistentes e dun tecido cultural básico, conseguido ao longo de moitos anos de traballo.

Pois é obvio que esta “festivalización” é a que chama a atención maioritaria da prensa e oculta a actividade normal do museo. Na relación cos medios de comunicación, que é cuestión fundamental para a divulgación do labor dos museos cara á sociedade, os museos, como vehículos que son para a transmisión do coñecemento, deben manter os principios de obxectividade e credibilidade, tomando unha posición fronte á visión superficial e tantas veces banalizada da cultura que se transmite desde os *mass media* e, polo tanto, tratando de desvincular a súa actividade das imposicións das tendencias e modas mediáticas, algo que cómpre reafirmar fronte á mediocridade que actualmente impera. Neste sentido sería preciso unha maior implicación nos usos das novas aplicacións que se aplican hoxe para facerse visible na maraña global e nunha sociedade diversa e plural.

Pero a aparición destas novas figuras vinculadas á interpretación do patrimonio, -moitas veces só está o edificio para chamar a atención, como un espazo autónomo e sen unha adecuación do contedor ao contido-, a existencia dun museo non pode ser concibida sen a recuperación, real e material, dese patrimonio (tamén o denominado intanxible). Polo tanto, hai que seguir insistindo que as nocións de museo e patrimonio son inseparables, como hai que seguir insistindo nas diferenzas (e algunhas semellanzas) entre os Centros de Interpretación, cada vez máis variopintos en todos os seus aspectos, e os centros con patrimonio cultural físico e real, e non patrimonio virtual, sexan museos ou coleccións visitables. Neste sentido é de agardar que unha futura lei de museos ou do patrimonio cultural de Galicia defina suficientemente o concepto de centro de interpretación, acoutando así esa proliferación indiscriminada que, baixo esa denominación, responde as máis das veces unicamente a intereses políticos conxunturais sen aportar nada ao ámbito do patrimonio cultural real.

Neste contexto, e a partires da década dos noventa do século pasado e á medida que a nosa Comunidade Autónoma foi asumindo competencias en materia de cultura, a investigación, especialmente aquela relacionada coa actividade arqueolóxica de campo dos museos, ten cambiado substancialmente, paralizándose os traballos que se viñan facendo. Os museos perden, desde entón, a iniciativa en moitas actividades arqueolóxicas cuxa xestión é asumida pola Comunidade Autónoma, quedando aqueles relegados, teoricamente, a meros receptores dos materiais recuperados nas intervencións arqueolóxicas.

Isto, xunto á creación, no contexto da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico, de parques arqueolóxicos e os seus centros de interpretación correspondentes que non teñen en conta aos propios museos que xestiona a mesma administración, van relegando sistematicamente o rol dos museos arqueolóxicos, que ven diminuída a súa presenza social no campo da arqueoloxía e mesmo chegando a perder colaboradores que, puntualmente contratados, realizaban traballos específicos; así, en moitos casos, estes museos non poden facer fronte á investigación ao quedaren só co exíguo persoal co que contan.

Ante este panorama, e sendo conscientes de cal é o valor social do patrimonio e o interese da sociedade no legado histórico, os museos teñen que desenvolver nos últimos tempos estratexias para buscar fondos, moitas veces por medio das asociacións de amigos e noutras

ocasiões –moi contadas- con patrocinios privados, para desenvolver proxectos de investigación que aumenten o coñecemento sobre o patrimonio e a súa transmisión e difusión.

Para unha mellor xestión e rendibilidade social das coleccións os museos teñen que recuperar o seu rol investigador, estudar mellor as súas coleccións para transmitir con maior eficacia a súa mensaxe. A investigación nos museos de Galicia é claro reflexo da historia da investigación nestes centros no Estado español, onde o voluntarismo supliu toda unha serie de limitacións que, contrariamente ao que era de agardar co avance dos tempos, foron facéndose maiores. Se ben desde as súas orixes os museos tiveron a capacidade suficiente para liderar a investigación vinculada á arqueoloxía e ao patrimonio cultural, co paso do tempo e no acontecer de todo un cúmulo de circunstancias negativas, que van desde a desaparición dos museos como centros de investigación na chamada Lei da ciencia (salvo hoxe os que son museos de titularidade e xestión estatal), o que implica non poder participar no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e nas diferentes convocatorias de de I+D+I, xunto ao feito de que a Comunidade Autónoma creou a rede de centros arqueolóxicos propios sen integrar os museos, o que limita a investigación neses centros á boa vontade e iniciativa dos seus equipos. A pesar de que ninguén parece cuestionar publicamente o papel que desenvolven os museos no campo da investigación, non é menos certo que, na normativa legal e na práctica cotiá, investigar nos museos cada vez é mais complexo, dando por descontado que, en calquera caso, se seguen facendo neles traballos de documentación e de interpretación patrimonial.

A investigación tamén ten que fomentar o coñecemento, así como incitar na sociedade o interese por coñecer. Neste sentido, os museos teñen que incrementar os lazos e relacións con outros centros de investigación da súa contorna, especialmente coas universidades, e procurar así unha colaboración, mesmo necesaria para o propio patrimonio que aqueles gardan. Igualmente, un dos froitos desta investigación poden ser novas exposicións temporais que contribuirían á difusión e coñecemento dos seus fondos e a unha repercusión social do seu patrimonio. Mais este é un tema que non é só responsabilidade dos museos, pero desde estes centros cómpre chamar a atención das autoridades responsables da investigación, para solucionar e encarrilar este problema xa estrutural e, ademais, de maior transcendencia social da que puidera parecer.

Valores como o de interese xeral deben estar presentes á hora de definir políticas que afecten ás infraestruturas culturais, especificamente aos museos, debendo potenciarse principalmente aqueles aspectos primarios e definitorios da súa función (conservación, documentación, investigación), pois soamente así se poderá cumprir coa verdadeira función social que o museo ten encomendada e que marca a esencia da propia institución, algo que se consegue mediante a difusión e a comunicación.

Para adaptarse mellor á sociedade e aos tempos de hoxe, e que a mensaxe chegue ao público dun xeito nítido e atractivo, os museos precisan, entre outras varias cousas, aumentar a gama de métodos de interpretación sobre as súas coleccións, especialmente facendo uso dos medios interactivos (aínda que tamén teñen dado lugar a excesos) e optando polas moitas

posibilidades que hoxe ofrecen as tecnoloxías dixitais. Pero, loxicamente, e semella increíble que nesta altura haxa que insistir nisto, estas novas tecnoloxías non deben ser vistas nunca como un fin en si mesmas, senón como un medio máis na acción comunicativa. Só así os tempos encerrados nos museos, pois os museos encerran un tempo, terán unha dimensión máis acorde cos actuais e o público pode sentir unha anovada atracción, mesmo chamando por un novo público non presencial, un público “virtual”, que tamén existe e entra en relación, “visita”, os museos. A asimilación e adaptación das novas linguaxes comunicativas á transmisión dos seus contidos aos públicos presencial e non presencial, algo que segue resultando, en moitos casos, outra gran lagoa por encher.

Igualmente, segue sendo unha materia pendente o desenvolvemento de accións de sensibilización social e a formación continuada dos profesionais que traballan nos museos para mellorar a capacidade de resposta ante os retos definidos nos programas de riscos que afectan aos museos e ás coleccións. Acción que, hai que lembralo continuamente, tería que comezar xa co deseño dos espazos museísticos, coa súa planificación, emprazamento e dotación, adecuadas e acordes coas diferentes realidades existente en cada caso concreto e en cada momento.

Despois de tres décadas temos que seguir reclamando que a Administración competente aborde, dunha vez por todas e de xeito decidido, o desenvolvemento dos instrumentos normativos e regulamentarios que se contemplan na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, ou doutra que a substitúa, ou ben desenvolva dunha lei propia para os museos, algo que xa estaba feito no ano 2009, pero que quedou esquecida se non marxitada. Esta nova normativa permitiríanos, cando menos, abandonar, dunha vez por todas, o vetusto e obsoleto Decreto 314/1986, de 16 de outubro. Sería de desexar algo máis de interese e dinamismo neste tema por parte dos responsables da administración cultural.

Porén, esta falta de interese móstrase tamén á hora de cumprir a norma para o recoñecemento legal de museos e coleccións visitables e a súa inclusión no correspondente Censo oficial. Mesmo se dá o paradoxo de que hai centros que son “recoñecidos” de facto e de xeito case habitual polas actuacións das propias autoridades que deberan velar polo cumprimento da Lei, algo que noutros ámbitos sociais regulados de xeito similar vemos que non sucede.

Aínda que nos últimos quince anos houbo melloras na dotación de medios humanos e económicos nalgúns museos, segue a ser unha cuestión presente e pendente en case todos os centros museísticos e que é crónica por estrutural, a carencia de recursos, tanto técnicos, como económicos e humanos, que permitan un normal desenvolvemento do seu labor. A isto veuse sumar, ultimamente, a situación da crise xeral que incide nos recortes, debuxando a situación idónea para a desaparición de importantes iniciativas museísticas, conseguidas co esforzo e voluntarismo de moita xente ao longo de moitos anos, ou mesmamente para a inacción da vida museística. Tal situación debe chamar a atención dos responsables políticos, dos axentes sociais e da cidadanía en xeral. Entrado xa o século XXI, hai que dicilo claramente, a maioría dos museos galegos carecen de recursos humanos suficientes para cumprir con mínima

normalidade os seus fins, algo que se agrava aínda máis se falamos das coleccións visitables e museos de carácter local.

Estas carencias impiden, igualmente, unha formación científica e técnica do persoal de museos, algo que incide negativamente na difusión da mensaxe museística e na súa recepción por parte da sociedade. É notoria a necesidade de acometer con decisión propostas coherentes de formación continuada para todo o persoal dos distintos grupos e categorías de traballadores dos museos, para así poder actualizar os seus coñecementos e habilidades e poder ofrecer un servizo máis acorde coas demandas que presenta a sociedade nos momentos actuais. Neste mesmo sentido, séguese requirindo dunha nova formulación da especialidade académica, ao igual que dunha vertente práctica que complemente os contidos teóricos dos programas, coa obrigada adaptación nestes tempos á necesaria implantación das novas tecnoloxías e á complexidade dos sistemas de traballo. É evidente que as melloras obtidas nas últimas décadas non son poucas, pero quedan relativizadas ante os aínda numerosos centros que teñen isto como materia pendente e, así mesmo, diante dos enormes retos que presenta o futuro nestes temas. Requírese, pois, da administración pública unha maior implicación na formación dos profesionais dos museos, como se require, igualmente, unha implicación máis activa e dinámica deses mesmos profesionais.

Para un mellor logro dos seus obxectivos, os museos precisan, igualmente, de novas formas de xestión acordadas cos tempos, como tamén de buscar novas fontes de financiamento e mecenado. As novas formas de xestión permitiríalles, tamén, situarse para competir en pé de igualdade ante a mercantilización e a privatización empresarial (no peor dos sentidos) que prolifera actualmente no campo da cultura e nomeadamente das institucións culturais, algo que leva consigo a introdución de modelos organizativos propios do mundo da empresa privada, que prescindir de directivos científicos e técnicos para substituílos por xerentes ou xestores de recursos financeiros, cunha crecente capacidade de decisión, que impoñen criterios de avaliación que dificilmente poden medir a importancia do intanxible e da transmisión dos contidos ao cidadán, así como da súa comunicación como medio de educación permanente e, ao tempo, dun lecer proveitosos e sostible.

Aquela forma de xestión contribúe agudamente á deshumanización do museo como entidade cultural e á súa precariedade, porque con eses criterios calquera museo vai ser considerado como unha “empresa non rendible”, ao medir a rendibilidade social en termos de estrita cuantificación económica ou do simple e frío número de visitas, deturpando a figura do visitante ao consideralo un cliente ou consumidor (e non un usuario) dun produto que hai que vender e que, por tanto, hai que atraer a toda costa.

No fondo, a “empresarialización” do museo, particularmente no contexto da crise, é unha oportunidade para estender socialmente a idea de que o museo, como institución, é algo que xa non é preciso e que non cobre nin enche ningunha demanda social básica, é dicir, como se fora algo que estorba e consume recursos, aínda que sexan poucos, e por tanto unha carga para a estabilidade económica e financeira da sociedade que o mantén, polo que non deben ser sostidos polas administracións públicas.

Directamente relacionados con este tema están os aspectos que se refiren ao público, potencial e real dos museos e coleccións visitables. Constatouse moitas veces a importancia da avaliación do público desde os propios centros, que pasaron de contabilizar simplemente os seus visitantes a estudar o seu público como tal, primeiro como visitantes e logo como usuarios e, nalgúns casos, mesmo tamén como potenciais “clientes”, fonte de recursos propios que contribúen a paliar as consabidas carencias económicas.

Os museos teñen a obriga necesaria de coñecer o público para mellor xestionar e facer chegar a mensaxe, pois cada vez o público ou, mellor dito, os públicos, é máis diverso e con intereses diferentes e distintos. Neste sentido, e de xeito complementario e interdisciplinar, ratifícase a necesidade de dispoñer de análises realizadas por especialistas, facendo fincapé en que estas non deben ser só cuantitativas e individuais, senón que deben ter en conta os respectivos contextos sociais. Por tanto, e considerando que nos últimos anos é un tema relativamente estancado —é de agardar que sexa por falta de medios e non de interese— débese seguir potenciando os estudos de público para un mellor cumprimento de todas as funcións museísticas e unha maior e mellor relación entre o museo e a sociedade. É obvia, ademais, a incidencia da globalización nunha maior diversificación dos usuarios dos museos que, por expresar só un par de apuntamentos, non teñen por que ser sempre habitantes dun medio urbano, nin tratarse só de xente cultivada e interesada, de igual xeito que non podemos pensar en pleno século XXI que os museos están só para o consumo do turismo, sexa interino ou externo.

Para adaptarse á sociedade e aos tempos de hoxe e facer que a mensaxe chegue ao público dun xeito nítido e atractivo, os museos precisan, entre outras cousas, aumentar a gama de métodos de interpretación, especialmente facendo uso dos medios interactivos e optando polas moitas posibilidades que hoxe ofrecen as tecnoloxías dixitais. Resulta imprescindible que os museos se suban ao carro das novas tecnoloxías, pois soamente dese xeito poderán cumprir máis atinadamente as funcións encomendadas, pero, como antes se apuntaba, non se debe perder de vista que deberán ser sempre un medio e nunca un fin en si mesmo e que chegue a anular ou deturpar a propia institución. Con todo, tales tecnoloxías son un medio necesario para achegarnos máis e mellor á sociedade, especialmente a aqueles segmentos, sobre todo de xente nova, no que as ferramentas dixitais forman parte, como o respirar, da vida cotiá, atendendo así a un público que non é (exclusivamente) presencial, senón ten moitos casos virtual.

Neste eido, os museos enfróntanse coa necesidade de potenciar a interdisciplinariedade, a formación do seu persoal no uso das novas linguaxes de comunicación e a colaboración e cooperación entre os distintos museos.

Os museos teñen que traballar coa idea de colección e procurar aumentalas e preservalas en condicións. Os obxectos, as coleccións, falan dunha cultura determinada, propia ou foránea, se sabemos como foron feitos e usados, pero tamén informan sobre os coñecementos e significados asociados a eles. Os obxectos podemos cualificalos como sistemas de coñecemento relacionados coas vidas dos seus creadores ou dos que os usaron. No caso dos

museos etnolóxicos prima a documentación e investigación para que os obxectos rachen a mudez que os caracteriza, tamén para recolocalos con novos sentidos nas narrativas sociais de hoxe. A conservación é o instrumento fundamental e imprescindible para lograr o obxectivo educacional e o fomento da conciencia social e da memoria histórica colectiva que é o propio museo. E tal dimensión cognitiva e investigadora debe ter un recoñecemento explícito nas normativas de aplicación nos eidos científico e patrimonial.

Non se pode esquecer que as coleccións teñen un carácter multidisciplinar, e para isto hai dúas cousas importantes que se deben potenciar: a investigación e a didáctica.

Da investigación xa temos falado. En referencia á segunda, diremos que os museos non poden esquecer o seu rol didáctico, pois son institucións claves na educación dos cidadáns sobre a realidade social na que viven, así como espazos para a identidade e construción da cidadanía desde valores democráticos e de respecto polo diferente e pola multiculturalidade, valores cada vez máis urxentes nun mundo diverso que precisa manter a súa distinta maneira de ser Humanidade.

En relación con este aspecto, os museos teñen que abordar urxentemente no seu discurso museolóxico, temas de hoxe e, sobre esta base, tratar de posibilitar un diálogo crítico coa sociedade contemporánea e que esta vexa no museo unha institución que lle axude a comprender e reflexionar sobre o mundo no que vive, o que contribuiría tamén a fortalecer unha perspectiva colectiva, ilustradora da realidade que caracterizou historicamente a unha comunidade. Isto obriga aos museos a unha reflexión sobre as mudanzas sociais e a un esforzo para superar dinámicas engarzadas na rutina, dinámicas que o deixan atrás diante da aceleración dos procesos que hoxe moven a sociedade.

Os museos de ámbito local, pese a súa escala menor, que precisamente lles permite unha maior proximidade social, teñen unha grande importancia na rehabilitación cultural local á hora de sensibilizar á sociedade sobre o seu patrimonio cultural e de achegala ao propio. A súa flexibilidade organizativa e o peso, lixeiro ou non, das súas coleccións poden permitir que presten máis atención á comunidade que aos propios obxectos. Igualmente, estes museos poden potenciar o asociacionismo e fortalecer a sociedade civil. As administracións deberían ter un maior compromiso con este tipo de museos que fomentan a cohesión social, a memoria e a identidade.

Sería de agardar que, cando menos, algúns destes temas que se veñen sinalando desde hai máis de trinta anos, non protagonicen o debate no próximo encontro do Coloquio Galego de Museos. Isto indicaría que algo temos avanzado e que estamos no bo camiño de identificarnos, mutuamente, coa sociedade. Démoslles unha oportunidade ao optimismo nestes tempos tan pouco propicios.

Tendo en conta as múltiples cuestións enunciadas, que veñen ser unha suma actualizada das conclusións formuladas de forma recorrente nos sucesivos encontros entre os museos galegos, podemos concluír que contamos cun enorme potencial, non suficientemente valorado e recoñecido, de recursos públicos e privados ao servizo da cultura e do coñecemento. Este

patrimonio colectivo reclama unha acción decidida por parte da administración competente para regular, coordinar e dotar os recursos necesarios para que os técnicos e o traballadores que os xestionan e atenden, superando as inveteradas limitacións tantas veces impostas pola voluntariedade e a precariedade, poidan dar as respostas axeitadas á demanda social de cultura e garantir a conservación, o tratamento científico e a proxección do patrimonio cara á propia sociedade que o creou e o mantén.